

002045 25.02.2014 12:29

Na Resolución reitoral do 13 de xuño de 2013 pola que se publica a convocatoria xeral de matrícula para o curso 2013-2014, modificada pola Resolución reitoral de 5 de febreiro de 2014, establécense os prazos do 2º período de solicitude de admisión e de matrícula nos Estudos de Doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela, para alumnos de inicio dentro dos Programas de Doutoramento ao abeiro do Real Decreto 99/2011, ofertados no presente curso académico.

Á vista das peticións presentadas por diferentes responsables da xestión do proceso da admisión dos novos programas de doutoramento ofertados no presente curso académico,

É polo que, esta reitoría

## RESOLVE

**PRIMEIRO:** Modificar os prazos establecidos sobre o procedemento de admisión por parte das Comisións Académicas dos diferentes Programas de Doutoramento no 2º período de solicitudes de admisión establecendo os seguintes:

*Publicación das listas provisorias de admitidos e excluídos: 27 de febreiro*

*Prazo de reclamacións: ate o 5 de marzo*

*Publicación das listas definitivas de admitidos e excluídos: 6 de marzo*

**SEGUNDO:** Modificar o prazo do período de matrícula nos Estudos de Doutoramento dos alumnos admitidos no 2º período de admisión de novos alumnos que queda establecido dende o 27 de febreiro ao 14 de marzo de 2014 (ámbolos dous incluídos)

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2014

O REITOR



Juan José Casares Long

SRA. SECRETARIA XERAL- SR. VICERREITOR DE TITULACIÓNS E PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES DE CENTROS- SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA- SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRES/AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS - SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓN E MELLORA DO PROCEDIMENTO - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN - DIRECTORES DE DEPARTAMENTOS